

## PREMIO FILOXORNAL 2016

### BASES

#### 1. Participación

Este concurso ábrese á participación de estudantes de ensino secundario do IES Mugar dos nos niveis do BACHARELATO.

#### 2. Temática

O tema será libre pero deberá ter un enfoque filosófico. A condición necesaria para que sexa considerado filosófico será o cumprimento dalgunha das seguintes características:

1. Que se apliquen os coñecementos adquiridos na aula de filosofía ao tratamento da noticia.
2. A consideración da pluralidade de factores que entran en xogo nos acontecementos que inspiran a noticia (actores, contexto, antecedentes) para analizar as causas e posibles consecuencias, interpretando e argumentando as propias conclusións.
3. O plantexamento da mesma como unha cuestión ética ou dilema.
4. A reflexión hermeneútica sobre a propia linguaxe.
5. A reflexión sobre valores, símbolos, comportamentos ou costumes.
6. A presentación dunha valoración crítica fundamentada racionalmente.

A evidencia dun plaxio, total ou parcial, suporá a descualificación do concursante.

#### 3. Formato

Cada participante presentará os seus traballos sen límite de extensión e maquetados en formato revista, con títulos, subtítulos e fotografías.

#### 4. Prazo de admisión

O prazo de admisión dos traballos comezará o 1 de maio de 2016 e estará aberto ata o 30 de maio de ese ano.

#### 5. Presentación dos traballos

Poden presentarse en galego ou en castelá, maquetados en cor, formato A 3 a dobre páxina (tipo folleto). Presentar no despacho de Vicedirección.

#### 6. Xurado

Estará formado por profesores ou persoas relacionadas co ámbito da cultura nomeados pola entidade convocante, e poderá declarar os premios desertos ou facer nomeamentos

específicos se a calidade dos traballos así o esixir. A resolución farase pública no mes de xuño de 2016 e será inapelábel.

## **7. Premios**

Fallaranse e motivaranse:

- Primeiro Premio ao mellor artigo: dotado con 40 euros
- Segundo Premio: dotado con 30 euros
- Premio ao mellor artigo de ensaio: dotado con 40 euros.
- Premio ao mellor Filoxornal: dotado con 50 euros.

## **8. Criterios de valoración:**

*-Para o Mellor Filoxornal:*

1. Portada, liña estética definida, elección cromática axeitada.
2. Calidade das fotos e debuxos. Autoría propia.
3. Tipografía, orde e lexibilidade do conxunto.
4. Variación e interese dos artigos en conxunto.

*-Para o mellor artigo:*

1. Interese dos contidos e orixinalidade na perspectiva.
2. Importancia do titular, breve, orixinal, que reflicta axeitadamente o contido da noticia e que suscite interese.
3. Desenvolvemento ordenado da noticia, coherencia lóxica.
4. Documentación e investigación: aportación de fontes fiables e fundamentos bibliográficos. Pertinencia das fotografías: que aporten información e valor ao conxunto.
5. Calidade filosófica.

*-Para o mellor artigo de ensaio:*

1. A temática será libre e o criterio será a súa calidade filosófica.

Cómpre recoller o premio persoalmente no acto de entrega.

A concorrencia ao certame presupón a aceptación destas bases